



FEMINISMO GALEGO CAMBIOS SOCIAIS E DEREITOS DAS MULLERES

Exposición organizada pola
FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE / 2009-2010



1975

A ONU declarou en 1975 o Ano Internacional da Muller e en México levouse a cabo a I Conferencia Mundial sobre a Muller

1976

O asociacionismo feminista cobra un grande impulso na transición

1800...

As galegas Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán foron pioneiras reivindicando o acceso das mulleres á educación

Rosalía de Castro rachou, na súa vida e obra literaria, co arquetipo de muller romántica

1931

A II República proclama o Sufraxio Universal

1936

O golpe de 1936 orixinou un brutal proceso de represión física e psíquica contra as mulleres

1945

Unha lei franquista de 1945 determinaba que “por razóns morais e de eficacia pedagóxica” nenos e nenas debían de estar separados na escola

1983

A legalización da interrupción voluntaria do embarazo foi un obxectivo fundamental do movemento feminista



1990

A realidade social dista moito de achegarse a unha situación equitativa entre homes e mulleres

1901

En 1901 licenciouse a primeira muller na Universidade de Santiago de Compostela

1961

Até 1961 un home podía dar morte ou lesionar a súa esposa se fose sorprendida cometendo adulterio

2000...

Novos tempos, novos recursos para a loita feminista

As precursoras

A Revolución Francesa, a finais do século XVIII, asestou un duro golpe aos principios que imperaban no Antigo Réxime e deu lugar á apertura de novos horizontes políticos, económicos e sociais no mundo occidental. Porén, estas mudanzas excluiron as mulleres e perpetuaron esa dupla legalidade que as separaba dos espazos de decisión política.

Mais houbo quen tivo a determinación de dar pasos para denunciar esta situación e evidenciar a progresiva toma de conciencia por parte dalgunhas mulleres de pertencer á outra metade de poboación excluída dos dereitos atribuídos á cidadanía. Olympia de Gouges e Mary Wollstonecraft foron clave neste labor, grazas á publicación dos seus textos Declaración dos dereitos da muller e da cidadanía (1791) e Vindicación dos dereitos da muller (1792), respectivamente.

Seguindo o seu exemplo, a parisiense Flora Tristán dedicou unha parte dos seus escritos á análise das duras condicións de vida das operarias industriais da primeira metade do século XIX. De igual xeito, tamén comezaron a escoitarse voces clamando pola eliminación das barreiras educativas impostas ás mulleres, o que fixo posíbel que en 1840 xurdiran escolas e universidades femininas en distintos países europeos.

Neste camiño, as galegas Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán foron pioneiras no Estado español, reivindicando o acceso das mulleres á educación como primeiro paso para elevar a súa dignidade e mellorar a súa condición social.

Outra muller precursora foi Rosalía de Castro, que exerceu de artista nun mundo dominado por varóns e rachou, na súa vida e obra literaria, co arquetipo de muller romántica. Rosalía denunciou coa súa pluma as inxustizas que sometían á nosa nación e puxo de manifesto a miseria e aldraxe que afectaban dun xeito especial ás mulleres galegas.

Tamén tería unha importante repercusión pública a monfortina Juana de Vega, de pensamento liberal e asidua dos ambientes progresistas nos que se movían destacadas figuras decimonónicas como o Capitán Solís, alzado en armas contra o centralismo en 1846.

O avance do sufraxismo

No século XIX, a mediados do século, foi cando xurdiron no mundo occidental as primeiras organizacións en defensa do dereito ao sufraxio feminino. As pioneiras foron as mulleres inglesas, que en 1866 fundaron baixo a dirección de Millicent Fawcett o *National Union of Women's Suffrage Societies*, e as estadounidenses, que en 1869 crearon a *National Woman Suffrage Association* grazas a Susan Anthony e Elisabeth Candi, sendo esta última unha das líderes en 1848 da Convención de *Seneca Falls*, na que se denunciaron as inxustizas e vexacións sufridas polas mulleres ao longo da historia.

No Estado español, a primeira manifestación feminina que saíu á rúa en petición do dereito ao voto para a muller produciuse no contexto do bienio progresista (1854-1856), coincidindo cunha etapa na que afloraron toda unha serie de reivindicacións da democratización da vida política.

Este feito foi obxecto de mofa entre algúns sectores sociais e o diario madrileño *La Unión Liberal* daba conta así deste acontecemento: "eran catro solteironas afeccionadas a falar de política e algunha que outra poetisa, roída polo demo da publicidade, dadas a defender os dereitos das señoras mulleres e a súa emancipación."

Xa en Galiza, outro fito salientábel na loita polo recoñecemento dos dereitos políticos das mulleres foi a proclama pública en defensa do sufraxio feminino de Salvador Parga Torreiro, no discurso que inauguraba o curso 1870-1871 da Universidade de Santiago. En 1901 licenciouse a primeira muller na USC, na facultade de Farmacia.

Asemade, no proxecto de Constitución para o Estado galego elaborado na Asemblea Federalista de Lugo en 1887 recollíase o dereito ao voto das mulleres, aínda que con grandes limitacións.

Tamén algúns colectivos como as Irmandades da Fala incorporaron a defensa da igualdade política entre homes e mulleres nos seus textos oficiais, como foi o caso do *Manifiesto da Asambleia Nazonalista de Lugo* de 1918:

Artigo 1º do capítulo III dedicado aos "problemas políticos", menciónase a "igualdade de dereitos pr-a muller"

Artigo 21 das conclusións da II Asambleia Nazonalista Galega (Santiago 1919), recóllese a "igualdade absoluta, política e civil, da muller co home".

No seo desta agrupación naceu unha sección integrada só por mulleres: As Irmandades Femininas, sendo a primeira en crearse a da Coruña.

Acción política e social

Fins do século XIX e principios do XX son tempos de protestas en demanda de mellores condicións laborais ou contra a suba abusiva dos impostos e aí as mulleres tamén tiveron unha participación activa, nomeadamente as galegas:

Concepción Miranda, que fixo ouvir a súa voz nalgunhas intervencións públicas chamando á incorporación das mulleres á loita obreira.

Sofía Casanova, escritora e xornalista de proxección internacional, que tamén se ocupou nalgúns dos seus artigos da problemática específica das traballadoras asalariadas.

En Galiza, os sectores con maior número de traballadoras foron a industria conserveira e tabaqueira, arredor das que xurdiron algunhas organizacións de auxilio e apoio mutuo, de feito, un dos episodios máis salientábeis de loita obreira, no que as mulleres canalizaron o seu descontento a través dun motín, foi a mobilización protagonizada polas operarias da fábrica de tabacos da Coruña.

As campesiñas tiveron tamén unha participación activa nas accións de protesta levadas a cabo polo movemento agrarista, sendo un dos motivos esenciais de loita a cuestión da redención foral.

Así mesmo, comezaron a xurdir nas primeiras décadas do século XX asociacións de mulleres vinculadas aos partidos políticos e sindicatos: asociacións republicanas, do PC, do PSOE, anarquistas, galeguistas, etc.

A II República e a proclamación do Sufraxio Universal

O 14 de abril de 1931, logo de coñecerse os resultados das eleccións municipais celebradas dous días antes, Afonso XIII decidiu abandonar España e un goberno provisional presidido por Alcalá Zamora proclamou a II República.

Entre as primeiras medidas levadas a cabo por este novo goberno estivo presente a cuestión do recoñecemento do dereito ao sufraxio pasivo feminino.

8 de maio de 1931, emítese un decreto no que se concedía o voto a todos os

homes maiores de 23 anos e se declaraban elixíbeis a clérigos e mulleres. Porén, aprazariase até os debates sobre o articulado da nova Constitución a posibilidade de que as mulleres puidesen expresar a súa vontade política a través das urnas, feito que sería obxecto dunha grande expectación social.

Finais de setembro de 1931, inaugúranse os debates do artigo 36, que establecía: "os cidadáns dun e doutro sexo terán os mesmos dereitos electorais conforme determinen as leis". Na quenda da votación deste artigo só se atopaban presentes 26 dos 47 deputados representantes de Galiza e deles 16 votaron a favor e 10 en contra. En todo o Estado o resultado foi de 161 votos afirmativos e 121 negativos, polo que finalmente e logo de téréense desbotado as emendas presentadas, ficou ratificado o dereito ao sufraxio activo e pasivo feminino.

Arredor dalgunhs partidos, sindicatos e outros colectivos existentes na II República creáronse agrupacións de mulleres e agrupacións mixtas. Así mesmo, algunhas delas tiveron presenza nas publicacións vinculadas a estes colectivos, como foi o caso do voceiro do Partido Galeguista: *A Nosa Terra*, no que se difundiron dous manifestos de mulleres vinculadas ao PG de Ourense e ás súas *Mocedades* ve en 1933 xurdiu unha sección titulada *O Recanto da Muller*.

As mulleres e a Constitución de 1931

Artigo 25: Non poderán ser fundamento de privilexio xurídico: a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas e as crenzas relixiosas. O Estado non recoñece distincións nin títulos nobiliarios.

Artigo 40: Todos os españois, sen distinción de sexos, son admisíbeis nos empregos e cargos públicos, segundo o seu mérito e capacidade, salvo as incompatibilidades que as leis sinalen.

Artigo 46: O traballo é unha obriga social e será protexido por lei, que regulará os casos de seguro de enfermidade, accidente, paro forzoso, velez, invalidez e morte; o traballo das mulleres e dos mozos e especialmente a protección da maternidade, etc.

Artigo 43: A familia está baixo salvagarda do Estado. O matrimonio fúndase na igualdade de dereitos para ambos sexos e poderá disolverse por mutuo acordo ou a petición de calquera dos cónxuxes, con alegación neste caso de xusta causa.



FARO DE VIGO

DIARIO DECANO DE LA PRENSA DE GALICIA Y EL DE MAYOR CIRCULACIÓN

Año 78

Fundado por Angel de Lema y Marina

N.º 19.674

NUMERO SUELTO 10 CENTIMOS

Miércoles 2 de diciembre de 1931

OPICINAS Y TALLERES: COLÓN, 22

EL HUMOR.

INFORMACION NACIONAL Y EXTRANJERA

EL VOTO DE LA MUJER NO SERÁ CONDICIONADO

La Cámara acordó anoche, por 131 contra 127, que voten en las próximas elecciones que se celebren.-El Consejo de ministros se ocupó de las leyes complementarias, acordando que el futuro Gobierno sea quien las fije y las Cortes las aprueben o rechacen.-También acordó llamar la atención de los obreros ferroviarios sobre la situación económica nacional para que reduzcan sus reclamaciones.-Los socialistas acordaron apoyar la candidatura de Alcalá Zamora para la presidencia de la República.-Se ha resuelto el conflicto de la dependencia mercantil madrileña.

La actualidad financiera en España

La crisis económica

El Consejo de ministros

Ayer celebraron Consejo los ministros



A UNA SEÑORITA LE URGE EL DIVORCIO

La señorita Clara Campoamor, pide que se exima al Ayuntamiento de Araujuez, del pago de ciertos tributos, como compensación de los quebrantos que han sufrido.

Pide también la misma señorita que tan pronto como se apruebe la Constitución, se traiga a las Cortes la Ley del divorcio, por considerarla urgente.

Se interesa después por la situación en que se hallan los campesinos de Villacónes, a los que llama humílticamente "las nodrizas de los melones".



O golpe de estado e a guerra civil

O Golpe de Estado en Xullo de 1936 colocaría no punto de mira a aqueles homes e mulleres que participaron activamente en defensa da liberdade, da autonomía galega e da legalidade republicana ou que mantiveron algún vínculo con activistas da resistencia democrática. O territorio galego caeu en poder dos rebeldes nos primeiros días do golpe.

No que atinxe ás mulleres, os facciosos iniciaron un brutal proceso de represión física e psíquica que se concretou en asasinatos, torturas, violacións, rapados de cabelo, humillacións públicas, etc. A resistencia continuou nos montes e na clandestinidade, onde elas desenvolveron un papel equivalente ao dos seus compañeiros, con tarefas de apoio e loxística aos combatentes fuxidos, na organización de rutas de evasión ou participando activamente nas accións armadas e militancia política.

A Guerra Civil abriría tamén outras fronteiras de acción na clandestinidade e no exilio, a onde se trasladaron os foros de debate e moitas mulleres destacadas do mundo da política e cultura republicanas.

A ditadura franquista

A ditadura franquista puxo fin a moitas das conquistas da II República, imponéndose un encadramento de cada grupo social nun lugar acorde coa orde e moralidade que pregoaba o sistema. Cómpre salientar:

Abolición da Lei do Matrimonio Civil

Abolición da Lei do Divorcio

Regreso á redacción orixinaria do Código Civil de 1889

Institucionalización de iure dos roles de filla, esposa e nai (asumidos pola Sección Femenina), concedéndolle á familia un lugar fundamental no sostemento da "patria".

Estabelecemento da minoría de idade feminina en cuestións laborais, impedindo a autonomía das mulleres e reafirmando a súa dependencia dos varóns.

Foro do Traballo de 1938: "O Estado prohibirá o traballo nocturno das mulleres, regulará o traballo a domicilio e liberará á muller casada do traballo e da fábrica"

Lei de Principios do Movemento Nacional: "A comunidade nacional fúndase no home, como portador de valores eternos e na familia, como base da vida social; pero os intereses individuais e colectivos deben estar subordinados sempre ao ben común da Nación".

Lei de 1945 (vixente até a Lei Villar Palasí de 1970): "por razóns morais e de eficacia pedagóxica" nenos e nenas debían de estar separados na escola, con idearios educativos diferenciados. No artigo 20 desta norma sinalábase que a educación primaria masculina orientaría aos alumnos, segundo a súa valía, para a formación intelectual ou para a vida profesional na industria, no comercio ou nas tarefas agrícolas. Pola contra, a educación primaria recibida polas alumnas orientaríaas para a vida no fogar, a artesanía e as industrias domésticas.

Código Penal de 1944: supuxo un enorme retroceso na consideración xurídica das mulleres, reiterando a súa subordinación á vontade dos homes e a súa responsabilidade na salvagarda da moral católica. Deste xeito, reincorporábase o denominado "uxoricidio por causa de honor" (vixente até a Lei 79/1961 do 23 de decembro), abolido polo réxime republicano, polo que un home podía dar morte ou lesionar a súa esposa se fose sorprendida cometendo adulterio ou as súas fillas menores de vinte e tres anos se aínda vivisen no fogar paterno.

Tamén, existía unha dupla consideración da moralidade coa reincorporación do delito de adulterio, penado para as mulleres en todos os casos e para os homes só cando "o marido tivera manceba dentro da casa conxugal ou notoriamente fóra dela".

As primeiras organizacións de mulleres no franquismo

En 1964 a Lei Xeral de Asociacións autorizou, aínda que con grandes limitacións, a creación de colectivos de mulleres dentro da "legalidade" franquista, coa finalidade de dar solucións a algúns aspectos da problemática específica feminina. A partir de aí, algúns exemplos destes colectivos foron:

A **Agrupación de Mujeres Empresarias y Profesionales**, que foi xurdindo a partir de 1968 nalgúns territorios do Estado, entre eles Galiza. Estas mulleres ofrecían asesoramento en cuestións fiscais e xurídicas ás súas afiliadas, así como promulgaban a necesidade de crear bolsas para mellorar a súa formación.

Movimiento Democrático de la Mujer (anos 60), xurdiu en Barcelona, aínda que na clandestinidade, vinculado ao PC e posteriormente chegaría a Galiza. Esta agrupación tiña dúas orientacións principais: a solidariedade cos represaliados e represaliadas do réxime e a reivindicación feminista.

En 1968 comeza a editar un boletín mensual: *La mujer y la lucha*, que se repartiría en fábricas, comercios e outros lugares onde traballaban as mulleres. As integrantes galegas deste colectivo chegaron a publicar unha versión propia deste boletín: *A muller e a loita*, adaptada á realidade específica da nosa nación e desde o que se apoiaba a necesidade de acadar un órgano de autogoberno para Galiza.

En 1974, coa publicación do Decreto sobre a regulación das asociacións de estudantes (Ministerio de Educación e Ciencia), xurdiu en Madrid a **Asociación Universitaria para el Estudio de la Problemática de la Mujer**, que pretendía ser un órgano de debate sobre a situación das mulleres desde distintos ámbitos.

En Galiza nacería algúns anos despois unha agrupación similar na Universidade de Santiago. Para este colectivo, as mulleres, coas súas reivindicacións propias, debían de unirse á loita do resto de grupos sociais afíns e traballar xuntos para acadar a liberación de toda a sociedade.

As agrupacións feministas galegas dos anos 70 e 80

A Transición, nun contexto de grande axitación e actividade política, foi un período onde o asociacionismo feminista cobraría un grande impulso.


En 1976 créase a **Asociación Galega da Muller**, que loitou con ousadía contra as diversas manifestacións da discriminación feminina na sociedade galega e pola erradicación das estruturas políticas, económicas e sociais que impiden a igualdade plena entre homes e mulleres. Vinculada a esta agrupación naceu en 1982 a revista *Andaina*, publicación de debate feminista desde distintos ámbitos.

En 1977 xurdiu a **Asociación Democrática da Muller Galega**, que formaba parte dunha agrupación co mesmo nome a nivel estatal. Neste ano créase tamén a **Coordinadora Galega de Asociacións Legais da Muller**, na que entraron a formar parte un conxunto de colectivos de mulleres de distintos territorios de Galiza.



En 1978, froito dunha escisión no seo da AGM, fúndase a agrupación **Feministas Independentes Galegas (FIGA)**, arredor da cal naceron as publicacións *A Saia* e *A Festa da Palabra Silenciada*. Tamén en 1978, creáronse colectivos como a **Asamblea Feminista de Lugo** ou a **Coordinadora Feminista Galega**. Un ano despois, vinculada a AGM, FIGA, ADMG e MDM, xorde a **Coordinadora Feminista de Vigo**.

Nos anos 80 naceron novas agrupacións feministas, tales como as **Mulleres Nacionalistas Galegas**, **Mulleres Progresistas**, os **Grupos de Mulleres da Universidade**, o colectivo anarquista de **Mulheres Livres** de Santiago ou as **Mulleres Rurais**. De igual xeito, creáronse os primeiros centros de recompilación de textos de mulleres e estudo feminista, como foi o caso do **Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller "Alecrín"** de Vigo, inaugurado en 1986.

Así mesmo, nestas dúas décadas naceron no contorno dalgúns partidos e sindicatos galegos áreas específicas de actuación e debate sobre a problemática das mulleres. Entre as primeiras estaban as **Secretarías da Muller de CCOO**, a **Comisión da Muller da AN-PG** ou as **Secretarías da Muller da INTG**, creadas en 1978, 1980 e 1982 respectivamente.



1975: ANO INTERNACIONAL DA MULLER



Elvira Bao Maceiras, mestra represaliada polo réxime franquista

Placeres Castellanos, guerrilleira nas brigadas francesas de loita contra os nazis

Isabel Ríos, militante do partido comunista encarcerada polo franquismo

María Araújo, guerrilleira antifranquista e loitadora pola liberdade e contra a inxustiza social

Sebastiana Vitales, activista anarquista prisioneira e exiliada

Enriqueta Otero, guerrilleira encarcerada polo franquismo



Conferencia en el Ateneo ante el Día Internacional de la Mujer Trabajadora

SOBRE O DIVORCIO

Hoxe estase a escribir e a falar moito do tema do divorcio: posicións a favor, en contra, sobre que tipo de divorcio... Gostariame espóñer neste artigo o que é o noso proxecto de lei de divorcio, todas as argumentacións que damos a favor dun divorcio fondamente democrático e feminista. Pero por razóns de espácio, por non abarcar todo a vez, limitareime somente a un aspecto moi en concreto: Os múltiples problemas que se atopan a muller se se quere divorciar, asunto polémico que case nengun proxecto ten en conta. Somentes o proxecto da Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado español plantexao e resolveo áxustadamente.

As mulleres, a ampla maioría, enténdase, carecen de traballo remunerado e polo tanto de ingresos económicos propios. Carecen de formación profesional, de cualificación, o que plantexa dificultades suplementarias para atopar traballo —coma se só o feito de ser muller nesta inxusta e machista sociedade non chegase— e aínda máis se a idade está por riba dos 30 anos. Cousa nada difícil por outra parte.

A hora de enfrentarse co divorcio, as mulleres facemolo en condicións desiguais as dos homes, pois estes, por regra xeral, teñen o seu traballo, o seu salario. A esta desigualdade de partida é á que hai que facer frente e buscar solucións poñendo medidas especiais.

A nengunha muller que queira divorciarse lle fai gracia que o seu exmarido lle teña que pasar unha pensión todos os meses para vivir/sobrevivir: pagar o piso, comer... (e se non se divorcia tampouco, mais iso é outro cantar). Que se dúas persoas se divorcian, divorciáense. Entón qué?

O máis xusto é que o Estado se faga cargo desa pensión, vía seguro de desemprego, así coma da formación profesional axeitada para que esas mulleres podan atopar traballo o máis rapidamente posible e depender do seu salario. E digo o Estado sabendo que haberá xente que pense: faltaría máis que agora o Estado, por se tivese pouco, financie os divorcios e pague ás mulleres porque si!

Nas minas contas, aínda que pareza, non é así.

As mulleres teñen adicado as suas vidas, ou boa parte delas, a ese traballo escuro, monótono, rutinario, agotador. Ese de todos, todos os días: fregar, limpar, facer as compras, atender os homes, cuidar dos nenos, administrar os cartos... por que para iso nos teñen destinadas pola educación que nos deron e que nos dan, pola publicidade e pola propaganda. Por negarnos as máis das veces un traballo remunerado, un traballo propio que nos dea independencia económica, que nos permita ver as cousas cos nosos propios ollos, por nos mesmas. Relacionarnos coa xente, saír da casa, ter inquietanzas, abrir horizontes.

costados si que compre, para hoxe polo menos, que os homes que teñen importantes recursos económicos (a partir de catro veces o salario mínimo que dicemos a Coordinadora de Organizacións Feministas) paguen a pensión ás súas ex-mulleres.

Nengunha Lei de divorcio por democrática e feminista que sexa, que compre que o sexa pois non é igual unha lei ca outra, pode resolver todos e cada un dos problemas aos que hoxe se enfrentan as mulleres, xa sabemos. Agora, si que hai que pedirlle que non os agudice e que resolva algún deles coma este que comentei.

Que se non, falar de divorcio vai ser papel mollado para a ampla maioría de mulleres, para os traballadores/as cun salario medio e francamente...!!!

Que nós, cando falamos de divorcio falamos dun divorcio para todo o mundo e moi especialmente para os homes e mulleres das clases populares, que os outros xa se cuidan eles de que así sexa.

Ma. XOSE MOLINA BLANCO
MILITANTE DA ASOCIACION GALEGA DA MULLER SANTIAGO



UN DEREITO CIVIL INCUESTIONABEL

Entre as cuestións a debatir no momento actual no Parlamento español está o tema do divorcio que, segundo referencias da prensa, será discutido plenariamente no próximo mes de outubro.

A nosa organización, consciente de que nesta cuestión, como noutras moitas, non se terán en conta os intereses das clases populares, que no caso de Galicia son o oitenta por cento da poboación, quere deixar constancia da súa postura e máis dos presupostos mínimos que deberían inspirar os debates e a redacción da lei que regule o dereito ao divorcio, que, en boa lóxica democrática, non pode negárselle a quen libremente o solicite. Nen no nome dunhas crências relixiosas que, como tale, só poden obrigar a quen de feito as profesen e as practiquen, nen baixo pretexto de salvagardar os fillos no seo dun matrimonio a todas luces insostible.

A nosa organización, como aglutinante que é non só de diversas clases e sectores sociais, senón tamén de diversas crências e ideoloxías todas elas aglutinadas baixo o denominador común do **nacionalismo popular**, non pode neste caso defender máis que o que realmente é: o divorcio como un dereito civil incuestionábel, que, como tal, non atenta contra a ráctica de todos aqueles que por uns ou outros motivos non queiran ou non se vexan obrigados a exercelo; trátase, máis que dunha cuestión de respeto

ciro: por mútuo acordo, e por xusta causa a petición de parte.

DIVORCIO POR MUTUO ACORDO

Se tamén hai acordo respecto dos fillos e aos bens, non sería precisa a asistencia de letrado nen de procurador. Os conxuxes presentarán unha solicitude conxunta ante o xuíz de primeira instancia, e logo deberán ratificala persoalmente, de forma verbal e por separado, ante o xuíz, que deberá fixar data para esta entrevista no prazo de dez días (todo isto é para evitar calquera posible coacción de un sóbór doutro conxuxe, tanto respecto ao divorcio en si como sobor das medidas derivadas; mutuo acordo significa mutuo acordo). O xuíz deberá tamén averiguar se a vontade dos fillos queda respetada no acordo dos pais respecto a eles. Se todo está en orde, os conxuxes deberán voltar a ratificar a demanda no prazo comprendido entre os 3 e os 6 meses. O xuíz deberá decretar o divorcio no prazo de dez días despois desta segunda ratificación.

DIVORCIO POR MUTUA CAUSA A PETICION DE PARTE

O ideal, ao que haberá que tender no futuro, sería establecer unha soa causa xenérica, "a ruptura da vida conxugal", "a imposibilidade de continuar a convivencia familiar"

calquera atentado grave á súa liberdade e dignidade persoal.

9.—O alcoholismo e a toxicomania, cando sexan habituais e perturben a normal convivencia.

10.—Unha sentenza firme de separación.

11.—Unha sentenza firme de divorcio ditada por un Tribunal estranxeiro, aínda que a causa non estexa recoñecida na nosa lexislación.

12.—E, por suposto a causa xenérica de que falábamos: calquer alteración que impeda a normal continuación da vida conxugal e familiar.

O divorcio tramitaráse exclusivamente perante os tribunais civís e a duración aproximada do proceso non deberá exceder dun ano.

Ao presentar a demanda de divorcio, deberá facerse ante un notario un inventario dos bens da sociedade conxugal, que quedarán sumetidos automaticamente, en canto á súa administración e disposición, ao control xudicial.

O xuíz, suplindo ou modificando no que sexa preciso o acordo dos conxuxes, deberá adoptar no prazo de quince días as seguintes medidas:

—Decidir quen se queda na vivenda común, e que bens pode levarse o outro baixo inventario; fixar a costa dos bens gananciais, unha cantidade para que o que se vai da vivenda alquile outra.

—Decidir quen se queda cos fillos, tendo en conta a vontade dos mesmos e, en caso necesario, nomear un

esa comunicación é perturbadora e desagradábel.

—Todas as decisións que se tomen respecto aos fillos poderán ser revisadas e modificadas polo xuíz se comproba que os intereses e o benestar dos fillos non teñen ficado suficientemente salvagardados, ben desde o primeiro momento ou ben por un cambio das circunstancias. Non se considerará por si mesma causa suficiente para esta revisión, o novo matrimonio do conxuxe que teña os fillos (pode chegar a selo se o padrastro ou madrastra resulta inaceptábel para os nenos).

Os alimentos aos fillos serán sempre obrigatórios, mentres o preciso e si en calquera momento voltan a precisalos (por exemplo, por enfermidade que produza a incapacidade para o traballo, ou se a asistencia non queda suficientemente cuberta pola S. S.). Nesta obrigación incorren os dous conxuxes, caso de traballar ambos e sexa cal sexa o que quede con eles.

Os alimentos fixaranse en cantía proporcional ao salario, aumentado ou diminuído automaticamente con este. Deduciránse directamente da empresa, sendo enviados ao conxuxe que ten os fillos pola mesma xerencia que faga a dedución, nos tres primeiros días do mes.

A cantía dos alimentos poderá ser revisada polo xuíz, a instancia de parte, se cambian as circunstancias (por exemplo, se un fillo precisa

Un grupo de feministas se encerró varias horas en el obispado

Un grupo de jóvenes se encerraron desde las siete y media de la tarde de ayer hasta poco después de las nueve y media en los bajos del Obispado, en apoyo del Proyecto de Ley de Divorcio elaborado por la Coordinadora Estatal de Organizaciones feministas y que fue presentado ayer en el Congreso por el diputado Sagaseta. En el encierro participaron militantes de «AGM» y de organizaciones políticas y sindicales. Al poco rato de irrumpir en el edificio, bajó el obispo, quien manifestó que estaba en contra del divorcio y que deberían protes-

gar en cinco minutos, llamaría a la Policía.

Poco después, llegaron inspectores del Cuerpo General de Policía, que les dieron unos minutos para celebrar una asamblea y redactar un comunicado, plazo que fue ampliado posteriormente. Pasadas las nueve y media de la noche, hizo acto de presencia la Policía Nacional, que ordenó desalojar el recinto.

El «MCG» y «AGM» hicieron públicos comunicados de apoyo al citado proyecto de Ley, por no ser discriminatorio para la mujer ni para las clases traha-



Grupos de mujeres se encadenaron en Santiago y Orense para protestar contra la Ley de Divorcio de «UCD»

Un grupo de mujeres se encadenó ayer en la Plaza del Toral de Santiago, en protesta por la Ley de Divorcio de «UCD» y en apoyo de la que, en nombre de la Coordinadora Feminista estatal presentará el día 25 en el Congreso el diputado canario Sagaseta. En Orense, otro grupo de feministas se encadenó también, en la planta baja del Obispado. Fueron conminadas a desalojar el recinto por el propio prelado y desalojadas más tarde por la Policía.— (Telefoto EFE).

